

ANEXO Á PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

**MODIFICACIÓNS RELATIVAS Á ORGANIZACIÓN DO FINAL DE CURSO
2022_2023
(Orde do 27 de decembro de 2022)**

IES DE PONTE CALDELAS

CURSO 2022_2023

4º ESO.

Materias: Economía, Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial.

Modifícase o epígrafe da Programación Didáctica relativo aos criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado, para recoller os cambios introducidos pola Orde do 27 de decembro de 2022.

Realizaranse tres avaliacións, unha por trimestre, e unha avaliación final.

A nota de cada unha das tres avaliacións parciais obterase da aplicación dos instrumentos de avaliación recollidos na seguinte táboa. O peso de cada un deles aparece indicado a continuación.

Economía	Probas específicas	80%
	Análise de producións do alumnado	15%
	Observación e rexistro	5%
Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial	Probas específicas	50%
	Análise de producións do alumnado	40%
	Observación e rexistro	10%

Ao longo do curso celebraranse probas de recuperación para o alumnado suspenso. Poderase así mesmo requirir do alumnado a presentación de tarefas naqueles casos nos que non as presentara previamente ou, ténndoas presentado, non logran acadar o nivel mínimo esixido.

A nota da avaliación final será a media das cualificacións trimestrais (ou no seu caso das obtidas nas probas de recuperación realizadas ao longo do curso).